

Sección 1 – Resumo

Os **números naturais** simbolízanse pola letra **N** e os seus elementos son:
N={ 1,2,3,4,5,6,.....} .

Os **números naturais** son insuficientes para resolver moitos problemas e describir novas situacións, polo que precisamos dos **números enteiros** que simbolízanse pola letra **Z**, e son: **Z** = {... -4, -3, -2, -1, 0, 1, 2, 3, 4,...}.

Hai situacións que non se poden resolver con **números enteiros**, en consecuencia definimos o conxunto dos **números racionais**, e simbolizámolo pola letra **Q**,

$$Q = \left\{ \frac{a}{b}, \text{ donde } a \text{ e } b \text{ son enteiros e } b \neq 0 \right\} .$$

A **expresión decimal dos números racionais** pode ser exacta, ou ben infinita periódica, pero queda un tipo de expresión decimal sen tratar; esta é a expresión decimal infinita non periódica. Os números que teñen unha expresión decimal infinita non periódica chámanse **números irracionais**, e representámoslos pola letra **I**.

a relación entre os conxuntos anteriores é : **N** \subset **Z** \subset **Q** **Q** \cup **I** = **R**

“ \subset “ indica que os números naturais están contidos nos enteiros

“ \cup “ este símbolo indica unión de dous conxuntos

A cada un dos números dos conxuntos anteriores podémolo representar sobre unha recta, correspondendolle un punto da mesma. A recta pasa a chamarse **recta real** é contén a totalidade dos números reais.

En ocasións temos que referirnos ao conxunto de todos os números que hai nun tramo da recta que cumpren unha propiedade determinada, isto leváanos ao concepto de **intervalo da recta real**

Os números reais, pese a seu nome, xogan un papel máis teórico que práctico. Nas aplicacións dos números á realidade, basta usar unhas poucas cifras decimais, dúas, tres, soamente medicións altamente científicas precisarían máis de catro cifras significativas.

Ao traballar con números aproximados é importante controlar o **erro (absoluto e relativo)**

En algúns campos aparecen números moi grandes ou moi pequenos, polo que para operar con eles dun xeito sinxelo usamos a **notación científica**, para o que precisamos operar con potencias de expoñente enteiro.

A proxección académica deste curso leváanos finalmente o **manexo dos radicais** cun nivel de destreza mínimo: **Racionalización de denominadores en casos sinxelos**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES San Clemente



Plataforma educativa
da formación a distancia

www.iessanclemente.net